

A través dunha aperta podemos transmitir a nosa alegría ou tristeza, podemos dicirlle a unha persoa que pode contar connosco ou que comprendemos como se sente. Ademais serve para cargarnos de enerxía!! Pero as que realmente nos gustan son as das persoas que queremos. A que si?

Esta curta ensínanos que unha aperta a tempo pode solucionar moitos malentendidos.

Sabemos que non podemos ir pola rúa dando apertas pero seguro que ao noso redor atopamos alguén que pode necesitar o noso apoio e ánimo.

### Fotogramas

Mirando e ordeando os fotogramas reconstruímos a historia.



### Analizamos a estrutura da curta

- A que hora se levanta da cama o chico ?
- Que pasa ?
- Cando, como e onde pasa ?
- Por que pasa ?
- Como acaba ?